



PLAN DIXITAL

CRA DE VALGA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

NOME DO CENTRO: CRA DE VALGA

DIRECCIÓN: A TORRE, 69, CAMPAÑA.

CORREO: cra.valga@edu.xunta.gal

PÁXINA WEB: www.edu.xunta.gal/centros/cravalga/

OFERTA EDUCATIVA: Educación Infantil (de 3 a 6 anos de idade).

ALUMNADO: 90 alumnos/as (curso 2022-23).

PROFESORADO: 6 titoras, 2 mestras de apoio, 1 mestre de música, 1 mestre de educación física, 1 mestra de inglés, 1 mestra de relixión, 1 mestra de AL, 1 orientadora compartida e unha mestra de PT compartida.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro:*

O CRA de Valga é un Colexio Rural Agrupado constituído por Orde da Consellería de Educación do 28 de xullo de 2000, publicado no DOG de 7 de decembro de 2000, por seis escolas (Campaña, Chenlo, Ferreirós, Forno, Vilarello e Xanza) espalladas por distintas aldeas e parroquias do Concello. Valga é un concello rural da provincia de Pontevedra, cunha extensión de 40,72 km². Conta con 5768 habitantes, distribuídos en cinco parroquias (Cordeiro, Setecoros, Campaña, Xanza e Valga). O Concello de Valga está delimitado ao norte polos municipios de Dodro e Catoira, Catoira e Caldas de Reis polo sur, Cuntis polo este e Dodro polo oeste. Valga conta cunha gran oferta cultural nas distintas instalacións das que dispón como a biblioteca, museo ou auditorios, así como festexos e eventos de gran interese turístico como a Festa da Caña e da Anguía ou o Belén Artesanal. Respecto ao patrimonio histórico e natural, é de gran riqueza (petróglypho Pedra da Serpe, Praia Fluvial de Vilarello, Lagoa Mina Mercedes, Mirador Monte de Beiro, Parque Irmán Dios Mosquera, Fervenzas de Parafita...). Cómpre sinalar, tamén, que polo concello discorren dúas rutas do Camiño de Santiago: o Camiño Portugués e a ruta marítima-fluvial.

- *Contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro:*

Na lexislación vixente establécese que o Proxecto Educativo recollerá a estratexia dixital do centro. Confórmase este Plan como unha ferramenta fundamental no noso centro para o fomento da investigación e innovación, a formación do profesorado, a xestión e organización interna, a compensación de desigualdades e a inclusión, etc. Ten un papel importante no desenvolvemento dos proxectos elaborados a nivel de centro e en coordinación con outros Equipos como o de Biblioteca escolar. Nos últimos anos, dende o CRA de Valga apostouse fortemente polo emprego das TIC no día a día, non só como recursos de aprendizaxe para o alumnado, senón tamén como estratexia de organización interna e de apertura á contorna. Actualmente o CRA de Valga conta co PFPP Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital

- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.*
O Plan Dixital servirá como ferramenta para alcanzar os obxectivos que se plantexen na PXA do próximo curso.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do presente Plan Dixital tivemos en conta a lexislación vixente que se enumera a continuación:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O Plan Dixital seguiu diferentes fases de elaboración, enmarcadas no PFPP baixo o asesoramento da persoa ADIX e do asesor de zona do CFR. O proceso de elaboración foi o seguinte:

- *Análise e diagnose da situación do CRA de Valga:*
 - *Elaboración e implementación do SELFIE.*
 - *Cumprimentación do Test CDD.*
 - *Análise dos resultados do SELFIE e do Test CDD.*
 - *Elaboración dun DAFO.*
- *Deseño e elaboración do Plan Dixital:*
 - *Elaboración dos obxectivos do Plan de Acción de acordo ao DAFO.*
 - *Elaboración do Plan Dixital.*

2. Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).*
Datos obtidos da UAC:
 - *EEl de Campaña, EEl do Forno: Conectividade por Radio. Campaña Escolas conectadas, red.es. (Tecnoloxía PMW) Velocidade 500 Mbps.*
 - *EEl de Vilarello, EEl de Ferreirós, EEl de Xanza e EEl de Chenlo: Conectividade 4G. Campaña Escolas conectadas, red.es. Velocidades: 150 Mbps-50Mbps.*
- *Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:*
Todas as aulas contan con acceso a internet, ordenadores portátiles, altavoces, cascos inalámbricos, pantallas dixitais multitáctiles, robots educativos, mesas de luz, retroproxectores... Na sala de mestras están dispoñibles 3 ordenadores para o uso do profesorado con acceso a internet, á fotocopiadora e á impresora a cor. A Dirección ten á súa disposición un ordenador portátil. No Departamento de

Orientación existe un ordenador de mesa. Na biblioteca hai habilitado un ordenador de mesa con acceso ao programa Meiga. Ademais, existen varios proxectores para empregar cando sexa necesario, por exemplo na biblioteca. A disposición de todo o profesorado, tamén hai recursos como o croma ou focos e bombillas de luz negra. Cómpre sinalar que todos este equipamento foi adquirido polo propio centro coa dotación da Consellería, salvo algún ordenador de mesa (dotado pola Consellería), algún portátil (reutilizados dalgúns programas da Consellería) e os retroproxectores que foron unha cesión do IES de Valga.

- *Servizos dixitais educativos: páxina web, Abalarmóbil e redes sociais.*
- *Xestión do mantemento do equipamento do centro: non contamos con ningún servizo de xestión de mantemento, salvo pola xestión da fotocopidora.*
- *Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:*
 - *Plan de Continxencia:*
<https://drive.google.com/file/d/1cDfq6tERmyWtLziheTypfxXonl3N3PP3/view>
 - *Ademais, existe un Plan de Acollida que se pon a disposición de todo o profesorado en setembro e sempre que comeza alguén no centro (profesorado substituto, profesorado de prácticas...), onde se inclúe un Protocolo con normas de uso, claves de acceso, etc. de todo o equipamento dispoñible no centro así como das canles de comunicación interna e de difusión do CRA (páxina web, blog, redes sociais...). Debido a datos confidenciais como contrasinais, non se adxunta nin se fai público.*

Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		INFANTIL
A -Liderado	Equipo Direct.	4,5
	Profesorado	3,5
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4,5
	Profesorado	3,4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,8
	Profesorado	3,7
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,8
	Profesorado	3,5
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,9
	Profesorado	3,8
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,6
	Profesorado	3,9
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4,5
	Profesorado	4,1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,8
	Profesorado	4,1

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	10	100%
PROVISIONAL	2	2	100%

INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	0	0	
DESPRAZADO	0	0	

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
81,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
inf	81,3	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	
A2	7	53,8%
B1	4	30,8%
B2	0	
C1	0	
C2	2	15,4%
TOTAL	13	100%

Outras fontes: Técnica dos Porqués, analizando as áreas do SELFIE nas que se obteñen maior e menor puntuacións, e tamén nas que se obteñen maiores discrepancias entre os datos obtidos polo profesorado e polo Equipo Directivo.

Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Excelente dotación (pantallas multitáctiles, tabletas, smartphones, portátiles, robots, mesas de luz, luz negra, retroproxectores, teclados inalámbricos...) Espazos amplos, versátiles e ben equipados. Repositorio de recursos en liña de elaboración propia e de acceso para todo o profesorado.	A dispersión xeográfica require dunha maior inversión e gasto (necesitamos ter os recursos multiplicados por 6 para as 6 escolas). Dotación de material insuficiente por parte da Consellería.
	PERSOAL DOCENTE	Boa predisposición e uso dos recursos dispoñibles. Creación de recursos en liña abertos ao profesorado. Adaptación ás necesidades e características do alumnado atendendo á diversidade e garantindo a inclusión. Existencia dun Proxecto interdisciplinar compartido por todo o centro.	Necesidade de formación específica para un mellor aproveitamento dos recursos dixitais na Educación Infantil. As características da aprendizaxe mixta non se adaptan á Educación Infantil.
	PERSOAL NON DOCENTE	Intercambio multicultural cunha persoa auxiliar de conversa (emprego das TIC para achegar esta diversidade cultural ao alumnado).	
	ALUMNADO	Implicación do alumnado en todas as propostas relacionadas coas TIC. Materiais adaptados ao alumnado con nee.	Abuso dos tempos de uso dos dispositivos TIC e, en ocasións, frustración cando se limita o seu uso. Alta dependencia dunha guía do adulto. Non é

			facilmente realizábel polo alumnado de xeito autónomo.
	FAMILIAS	Boa resposta ao uso das tecnoloxías e uso activo das canles de comunicación operativas no centro (Instagram, Whatsapp, Blog, Web do centro, Facebook...).	Algunhas familias non teñen acceso a Internet e, polo tanto, o uso dalgunhas plataformas está limitado.
	OFERTA	Aproveitamento dos recursos TIC dos que dispón o centro nas sesións de biblioteca polas tardes: espazo creativo, robótica, contacontos co uso de pantalla, son...	Dependencia de empresas privadas para ofertar servizos como comedor e transporte.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Emprego de ferramentas TIC para a comunicación da Comunidade Educativa, elaboración de material e documentos do centro, creación de redes de traballo... Existencia dun Equipo Directivo proactivo, moi implicado.	As pautas da Consellería para a elaboración do Plan Dixital non se adoitan axustar á etapa de Educación Infantil nin á nosa tipoloxía de centro (por exemplo os ítems do SELFIE e Test CDD). Percepción non compartida pola totalidade do Claustro da implicación do Equipo Directivo.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Existencia de asesoría dixital de zona.	Pouca adaptación á etapa de Educación Infantil e tipoloxía do noso centro (CRA) da formación ofertada. Inversións como EDIXGAL, pantallas multitáctiles, aulas virtuais, moodle... están adicadas a outros tipos de centro, que exclúen CRA. Pouca inversión en TIC para infantil e CRA. Pouca practicidade para o noso centro educativo dos programas corporativos da Consellería, tanto de software como plataformas (Abalar, XADE, Web, Escolas na Nube...), tendo que complementar con outro tipo de aplicacións (Blog, Facebook, Instagram, Canva, Google Drive...).
	LEXISLACIÓN	Solicítase ás familias do alumnado autorización expresa para o tratamento de uso da imaxe, son e datos, de acordo á lexislación vixente, o que permite traballar con diferentes plataformas, recursos... a pesar de non ser corporativos da Consellería.	Carencia de bancos de imaxes e recursos corporativos funcionais para a realidade das nosas aulas, polo que se recorre a imaxes de buscadores ou bancos de imaxes alternativos.
	CONTORNA	Colaboración activa da ANPA para a adquisición de novos materiais e recursos.	
	ANPA	Existencia na contorna de establecementos que ofrecen soporte TIC de cara a poder solventar con inmediatez pequenas averías ou adquisición de subministros.	Dispersión xeográfica: ao tratarse de zonas rurais dificulta o acceso fluído á conexión e a unha boa velocidade. Necesidade de empregar recursos persoais para xerar, en ocasións, un bo acceso.
	OUTRAS ENTIDADES	Cesión de equipamento entre centros (Escola Infantil, IES, CODI...) segundo necesidades. Existencia no Concello de aula CEMIT para uso do centro baixo demanda. Colaboración do punto limpo e o Concello na recollida de material obsoleto ou danado.	oporte técnico das compañías de radioenlace deficiente. Potencia eléctrica insuficiente nalguna das escolas (pendentes de arranxo).

Plan de Acción

2.1. Obxectivos, indicadores e accións

Trala análise DAFO elabóranse unha serie de obxectivos priorizando áreas como liderado, colaboración e redes, Infraestrutura e equipos, Desenvolvemento profesional continuo, Pedagogía: apoios e recursos e Pedagogía: implementación na aula. Todos os obxectivos, indicadores e accións establecidas polo Equipo Docente para a elaboración do Plan de Acción se recollen máis adiante nas táboas do Plan de Acción.

2.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para a elaboración deste Plan Dixital establécense unha serie de necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas, pois a pesar de que o centro dispón dunha boa dotación tecnolóxica, non foi proporcionada pola Consellería, senón por medio de adquisicións realizadas polo propio centro educativo.

Unha das grandes deficiencias é que por non adaptarse os programas da Consellería á realidade do noso CRA, o profesorado empregamos software non corporativo de xeito moi predominante. Respecto ás necesidades de equipamentos, temos as seguintes:

- *Maior dotación de ordenadores que funcionen ben na sala de mestras e no despacho de orientación (non funciona ben o que hai), con acceso inalámbrico a todas as impresoras.*
- *Servizo técnico para a impresora a cor que xestione rapidamente os fallos, dispoñendo dunha segunda impresora para saír dos apuros que ocasiona estar sen ela mentres dura o arranxo.*
- *Ordenadores propios para cada especialista (só as titoras dispoñen de ordenadores nas súas aulas, tendo que usar os especialistas os equipos das titoras con pendrives).*
- *Novos equipos de robótica educativa para todas as escolas, pois aínda que temos adquiridos coa dotación do centro, tenden a dar problemas co seu uso, e deben ser reemplazados cada certo tempo.*
- *Equipo de croma con Tablet para cada escola (ocasiona moitos problemas a rotación dun único equipo compartido por 6 escolas diferentes).*
- *6 Smartphones con abalarmóbil para mellorar a comunicación coas familias.*
- *1 mesa táctil.*
- *1 impresora 3D e diverso material maker para a creación dun espazo maker.*
- *1 Pantalla táctil e unha tablet para a biblioteca.*
- *Proxectores para as aulas (pedagogía da luz).*
- *Pequenos electrodomésticos (frigorífico, microondas, placa...), kits de experimentación (microscopios dixitais) para poder realizar experimentos e obradoiros (competencia STEAM).*
- *Reloxes dixitais para todas as aulas.*
- *Luz tricolor (non hai) e luz negra en todas as escolas (ocasiona moitos problemas que sexa compartida por 6 escolas diferentes).*
- *6 equipos de son (un por escola).*
- *6 Impresoras láser (unha por escola): só hai en Campaña de uso común, non podendo imprimir o resto de titoras e profesorado especialista no resto de escolas.*

- *1 Plastificadora por escola (só hai unha en Campaña, non podendo plastificar nas restantes escolas).*
- *6 aspiradoras (unha por escola): ao ter metodoloxías vivas multisensoriais precisamos dun sistema de limpeza continuo.*

Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Táboa 1

"Área/s de mellora": LIDERADO							
1. OBXECTIVO :		Respectar os Protocolos de Protección de datos do alumnado.				Acadado	
RESPONSABLE:		Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		Porcentaxe de autorizacións de alumnado e profesorado asinadas entregadas					
Valor de partida		Máis do 90% do alumnado e profesorado entrega a documentación.					
Valor previsto e data		O 100% do alumnado e profesorado entrega a documentación.				30 de xuño	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A01.1: Solicitar autorización de imaxe e son do alumnado e profesorado.	Profesorado	setembro	Autorización de imaxe e son de acordo ao Protocolo de Protección de Datos vixente.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.2: Dar a coñecer á comunidade educativa o protocolo de protección de datos.	Profesorado	1º trimestre	Publicación na web do centro Reunións de inicio de curso			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Táboa 2

"Área/s de mellora": LIDERADO							
2. OBXECTIVO :		Respectar os dereitos de autor dos recursos dixitais e licenzas de uso.				Acadado	
RESPONSABLE:		Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		O profesorado emprega bancos de recursos ou recursos de autor respectando autorías.					
Valor de partida		O 60% do profesorado emprega bancos de recursos ou recursos de autor respectando autorías.					
Valor previsto e data		O 90% do profesorado emprega bancos de recursos ou recursos de autor respectando autorías.			Xuño		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO2.1: Poñer a disposición do profesorado información relevante sobre dereitos de autor e licenzas de uso.	Equipo TIC	xuño	Bancos de recursos da Consellería, repositorios, software libre ou corporativo, recursos de autor respectando autoría... Resumos, infografías, ligazóns con información relevante.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Creanse, modifícanse e/ou adáptanse materiais respectando os dereitos de autor e as licenzas de uso.	Profesorado	xuño	Lexislación, protocolos...		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Táboa 3

"Área/s de mellora": LIDERADO							
3. OBXECTIVO:		Crear e difundir a organización, documentación, programación... de centro mediante as canles corporativas e/ou outras.				Acadado	
RESPONSABLE:		Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		Os documentos de centro son accesibles por parte de toda a Comunidade Educativa.					
Valor de partida		O 10% da documentación é compartida.					
Valor previsto e data		O 100% da documentación é compartida.				30 de xuño	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO3.1: Elaborar e actualizar os documentos organizativos e de xestión, incluído o Plan Dixital, para compartir mediante as canles corporativas	Equipo Directivo coas achegas de todos os Equipos e Órganos de Coordinación docente.	Outubro	Documentación de centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Unificar o formato da documentación.	Equipo TIC	Outubro	Persoal responsable das TIC		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.3: Compartir a documentación de xestión e	Equipo Directivo	Xuño	Páxina web do centro Aula Virtual		Realizada		
					Aprazada		

organización do CRA de Valga (Proxecto Educativo, NOF,					Pendente	
---	--	--	--	--	-----------------	--

Táboa 4

"Área/s de mellora": COLABORACIÓN E REDES.							
4. OBXECTIVO:	Colaborar con outros centros e/ou entidades para apoiar o uso de tecnoloxías dixitais.					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Colaboracións con outros centros e/ou entidades.						
Valor de partida	Fanse intervencións e docencias en cursos da Rede Galega de Formación (segundo a demanda e solicitude) e visitas e contactos de formación e intercambio con outros centros.						
Valor previsto e data	Mantéñense intervencións e docencias e as visitas e contactos de formación e intercambio con outros centros.				Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO4.1: Buscar novos contactos con centros educativos que desenvolvan boas prácticas no uso da tecnoloxía dixital na Educación Infantil.	Coordinación PFPP.	Setembro, 2022	Tempo de búsqueda, exploración e contacto. Equipos informáticos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2: Intervir nos cursos de formación dos CFR, CAFI,... explicando os principios, proxectos e experiencias do CRA.	Equipo Directivo	Xuño, 2023	Deseño de presentacións		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.3: Establecer, celebrar xornadas de visitas de intercambio, portas	Equipo Directivo	Xuño, 2023	Tempos de organización e celebración.		Realizada		
					Aprazada		

abertas,... para amosar e compartir experiencias, recursos dixitais,... con					Pendente	
---	--	--	--	--	----------	--

Táboa 5

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS							
5. OBXECTIVO:	Manter operativos e en bo estado os recursos materiais TIC dos que dispón o centro.					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Os equipos e recursos están operativos e presentan un bo funcionamento						
Valor de partida	O 90% dos recursos TIC do centro funcionan correctamente						
Valor previsto e data	O 95% dos recursos TIC do centro continúan funcionando correctamente				30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO5.1: Inventariar todos os recursos TIC das diferentes escolas e os comúns.	Equipo TIC (colaboración das responsables de aula)	Setembro, 2022	Inventario Base de datos común				
AO5.2: Revisar o equipamento común do CRA para detectar posibles incidencias	Equipo TIC	Xuño, 2023	Inventario e apertura de incidencia UAC Servizo técnico externo		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.3: Revisar o equipamento informático de cada escola para detectar	Responsable de escola	Xuño, 2023	Inventario e apertura de incidencia		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

posibles incidencias A05.4: Realizar e/ou solicitar os arranxos necesarios para o correcto funcionamento do equipamento existente.	Equipo TIC	Xuño. 2023	Servizo técnico externo, UAC, recursos TIC...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.5. Substituír o equipamento necesario a través de solicitudes á Administración ou das achegas obtidas polo centro a través dos proxectos propios.	Equipo Directivo	Xuño, 2023	UAC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 6

"Área/s de mellora": DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO							
6. OBXECTIVO :		Formar ao profesorado para mellorar a súa competencia dixital respecto á creación de recursos dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:		Coordinadora do PFPP.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		O profesorado recibe formación para mellorar a súa competencia dixital.					
Valor de partida		0% do profesorado recibe formación específica na creación de recursos dixitais.					
Valor previsto e data		O 60% do profesorado recibe formación específica na creación de recursos dixitais.			30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO6.1: Solicitar un grupo de traballo dentro do PFPP para a formación en creación de recursos interactivos axeitados para as pantallas dixitais.	Coordinadora PFPP	Setembro, 2022	Persoal cualificado para impartir as formacións. Equipamento: ordenadores, pantallas, monitores interactivos...		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO6.2: Crear e compartir co resto do profesorado os produtos da formación.	Coordinadora PFPP e Equipo TIC	Xuño, 2023	Sistema de almacenaxe compartido, todo o profesorado... Aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Táboa 7

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS.							
7. OBXECTIVO :		Elaborar recursos dixitais adaptados ás características de cada grupo clase para desenvolver o Proxecto de centro e compartilos co resto de profesorado.				Acadado	
RESPONSABLE:		Coordinadora de ciclo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		O profesorado do centro elabora e comparte recursos dixitais de creación propia.					
Valor de partida		O 30% do profesorado elabora recursos e materiais propios para o desenvolvemento do Proxecto de centro e os comparte.					
Valor previsto e data		O 60% do profesorado elabora recursos e materiais propios para o desenvolvemento do Proxecto de centro.				Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A07.1: Empregar plataformas nas que compartir os recursos elaborados.	Todo o profesorado	xuño	Aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A07.2: Elaborar recursos adaptados ás características do alumnado.	Todo o profesorado	xuño	Software, programas de edición...		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Táboa 8

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA, IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
8. OBXECTIVO:	Coñecer e aproveitar todos os recursos materiais tecnolóxicos do CRA.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo e Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O profesorado coñece e utiliza os materiais tecnolóxicos do CRA.					
Valor de partida	60% do profesorado coñece e utiliza os materiais tecnolóxicos.					
Valor previsto e data	80% do profesorado coñece e utiliza os materiais tecnolóxicos.			30 de xuño		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO8.1: Presentar un inventario de recursos ao inicio de curso a todo o profesorado	Equipo TIC	Setembro	Base de datos compartida		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Establecer calendario de uso e intercambio de material entre escolas.	Equipo Directivo	1º trimestre, 2022	Calendario compartido		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Contemplan, nas avaliacións trimestrais, un apartado de uso e implementación na aula, dos materiais tecnolóxicos e a súa	Equipo Directivo Todo o profesorado	Xuño, 2023	Claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

influencia nas actividades de						
-------------------------------	--	--	--	--	--	--

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxunto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

Avaliación do plan

No procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora. Todo isto verase reflectido na memoria final de cada curso.

3. Difusión do plan

Este documento será difundido á Comunidade Educativa trala súa aprobación, mediante a Páxina Web do centro e/ou aula virtual.